

disposición derradeira, a primeira, coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Sanidade e Consumo para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a adecuación dos anexos deste real decreto ás modificacións que deriven das normas comunitarias.»

Dous. No punto 1, «Alimentos en xeral (excepto contemplados no artigo 3.3)», da sección «Alimentos en xeral», do anexo IV substitúese o texto actual da nota (3), correspondente ao aditivo E-425 i) (goma de konjac) e E-425 ii) (glucomananos de konjac), polo seguinte:

«(3) Non se poderán utilizar para produtos alimenticios deshidratados que se rehidraten ao inxerilos, nin nos artigos de confeitaría a base de xelatina, incluídas as minicápsulas de xelatina.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de febreiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Consumo,
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN

MINISTERIO DE ECONOMÍA

2975 *CORRECCIÓN de erros da Orde SCO/249/2003, do 5 de febreiro, pola que se modifican os anexos do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.* («BOE» 42, do 18-2-2004.)

Advertidos erros no texto da citada Orde SCO/249/2003, do 5 de febreiro, pola que se modifican os anexos do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 5, do 1 de marzo de 2003, procédese a efectuar as oportunas rectificacións do seguinte teor literal:

Na segunda parte do anexo III, na columna d) do seguinte número de orde. Páxina do boletín nº 709:

	Onde di:	Debe dicir:
62. Musk ketone (número CAS 81-15-2)	a) 1,0 por 100 en perfumes	a) 1,4 por 100 en perfumes.
	b) 0,4 por 100 en colonias.	b) 0,56 por 100 en colonias
	c) 0,03 por 100 noutros produtos	c) 0,042 por 100 noutros productos

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

2974 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 178/2004, do 30 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente.* («BOE» 42, do 18-2-2004.)

Advertidos erros no Real decreto 178/2004, do 30 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 3 do 2 de febreiro 2004, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 761, primeira columna, artigo 31.1.b, onde di: «b) Os organismos modificados xeneticamente que sexan produtos, tales como as variedades vexetais...», debe dicir: «b) Os organismos modificados xeneticamente que sexan produtos ou compoñentes de produtos, tales como as variedades vexetais...».

Na páxina 768, primeira columna, artigo 60, número 5, quinta liña, onde di: «... plantas de viveiro non forestais...», debe dicir: «plantas de viveiro...».

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

3064 *REAL DECRETO 216/2004, do 6 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 684/2002, do 12 de xullo, sobre regulación do sector do tabaco cru.* («BOE» 43, do 19-2-2004.)

O Real decreto 684/2002, do 12 de xullo, sobre regulación do sector do tabaco cru, desenvolve no ámbito interno o Regulamento (CEE) n.º 2075/92, do Consello, do 30 de xuño de 1992, polo que se establece a organización común de mercado no sector do tabaco cru, así como as normas comunitarias que o aplican.

Para evitar que se superen os limiares de garantía asignados a España, que fixa o Consello da Unión Europea para tres colleitas consecutivas, ou que queden recursos sobrantes por falta de utilización, o citado real decreto atribúelle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a xestión íntegra e global das cotas, adaptando os limiares asignados para cada unha das variedades de tabaco en función da produción efectiva, para garantir a súa plena utilización á demanda dos produtores.

En relación con diversos preceptos do citado real decreto, o Goberno da Nación foi requirido de incompetencia polo Goberno da Xeneralidade de Cataluña.

Mediante Acordo do Consello de Ministros, do 4 de outubro de 2002, o Goberno aceptou parcialmente

tal requirimento. Nese acordo pártese de que, no caso do tabaco, as cotas se vinculan aos produtores e, polo tanto, a eventual fixación dun sistema descentralizado, baseado na asignación fixa de cotas por territorio, resultaría contraria ao modelo configurado para a xestión de tales axudas. A mobilidade de cotas entre produtores ou organizacións de produtores de distintas comunidades autónomas impide, así mesmo, a asignación dunha cota fixa a cada comunidade autónoma por cada variedade comercial e obriga a establecer mecanismos que permitan reflectir a realidade deste sector.

Nos termos descritos, procédesese a modificar o Real decreto 684/2002, do 12 de xullo, de modo que se instrumentan os mecanismos que permitan o exercicio das súas competencias polas comunidades autónomas respecto ás cotas dos seus produtores, sen desvirtuar o dereito que asiste a estes á súa libre disposición, xa sexa mediante transferencias de explotación, xa sexa mediante cesións ou calquera tipo de movemento recoñecido de cota de tabaco.

Cada comunidade autónoma é competente respecto ás cotas e á súa xestión, correspondentes ás explotacións das agrupacións de produtores ou dos produtores individuais non integrados nunha agrupación, que radiquen integramente no seu territorio. Pola súa banda, a Administración xeral do Estado é competente nos casos en que as explotacións de produtores individuais non integrados nunha agrupación ou de agrupacións se estendan a máis dunha comunidade autónoma.

En consecuencia, os anexos do Real decreto 684/2002, do 12 de xullo, non se modifican, pero resultan obrigatorios tan só cando o órgano competente sexa o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

O recoñecemento das competencias das comunidades autónomas para participar na xestión das cotas de produción obriga a reforzar os instrumentos de colaboración entre administracións públicas. Introdúcese, para isto, no Real decreto 684/2002, do 12 de xullo, unha regulación completa sobre as respectivas obrigas de información en cada un dos ámbitos de xestión afectados.

Corrixese, así mesmo, un erro padecido no artigo 25.5 do Real decreto 684/2002, do 12 de xullo, ao trasladar de forma inexacta o disposto na normativa comunitaria en canto á devolución parcial da garantía constituída ao solicitar un anticipo da prima. De acordo con isto, o 50 por cento daquela devolverse cando se realizasen entregas na proporción necesaria para ter dereito ao pagamento do 50 por cento da prima, en lugar do cinco por cento que figura na actualidade.

Por último, axústase o Real decreto 684/2002, do 12 de xullo, ás prescricións do Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación co FEOGA-Garantía, puntualizando a competencia do Fondo Español de Garantía Agraria para a coordinación do pagamento das primas e dos controis sobre a contratación e entregas de tabaco.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de febreiro de 2004,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 684/2002, do 12 de xullo, sobre regulación do sector do tabaco cru.*

O Real decreto 684/2002, do 12 de xullo, sobre regulación do sector do tabaco cru, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 2 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 2. Determinación e xestión de cotas.

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, dentro do límite dos limiares de garantía

establecidos de conformidade co número 2 do artigo 9 do Regulamento (CEE) n.º 2075/92 do Consello, do 30 de xuño de 1992, polo que se establece a organización común de mercados no sector do tabaco cru, distribuirá as cotas correspondentes a cada grupo de variedades para cada período de tres colleitas consecutivas, para a súa xestión polas comunidades autónomas ou polo propio Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. As cotas correspondentes a cada grupo de variedades para tres colleitas consecutivas distribuiránselles aos produtores individuais non integrados nunha agrupación e ás agrupacións de produtores de forma proporcional á media das cantidades entregadas ás empresas de primeira transformación (no sucesivo, entregas) por cada produtor individual ou agrupación de produtores durante os tres anos anteriores ao ano da última colleita (período de referencia), conforme as disposicións do título II do Regulamento (CEE) n.º 2075/92 e do título V do Regulamento (CE) n.º 2848/98, da Comisión, do 22 de decembro de 1998, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 2075/92, do Consello, no que respecta ao réxime de primas, as cotas de produción e a axuda específica que se lles concede ás agrupacións de produtores no sector do tabaco cru.

3. Dentro de cada período trienal, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación determinará anualmente as cotas que lles corresponde xestionar ás comunidades autónomas por grupos de variedades, considerando os aspectos regulados no artigo seguinte, así como os movementos de cotas entre produtores aprobados no ano anterior, as posibles modificacións das cotas por reducións legalmente previstas ou por resolucións administrativas ou xudiciais e as cantidades procedentes de cotas de produción non utilizadas para a formalización de contratos.

4. O montante de cotas que corresponde xestionar a cada comunidade autónoma resultará da suma das seguintes:

a) Cotas asignadas aos produtores individuais non integrados en ningunha agrupación, cunha cota íntegra procedente das zonas de produción recoñecidas do territorio desa comunidade.

b) Cotas asignadas ás agrupacións de produtores de ámbito estritamente autonómico, entendendo como tales aquelas en que os seus produtores membros teñan a totalidade das súas explotacións de cultivo na comunidade autónoma.

5. O montante non distribuído conforme o previsto no punto anterior será xestionado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ditará a resolución que corresponda por proposta da comunidade autónoma na que se deba presentar a solicitude, excepto nos casos en que este real decreto dispoña expresamente o contrario.

6. Os órganos competentes das comunidades autónomas aplicarán o réxime de cotas regulado nos capítulos I ao VI, ambos inclusive, deste real decreto.

A xestión dos movementos de cotas entre produtores regulada no capítulo III será competencia das comunidades autónomas, sempre que tales movementos non excedan, en canto á súa orixe e ao seu destino, o territorio da respectiva comunidade autónoma e teñan lugar entre agrupacións de produtores ou produtores individuais non integrados nunha agrupación cuxas explotacións radiquen integramente no seu territorio, sendo competente para

xestionar os movementos de cotas nos demais casos o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

7. A presentación de solicitudes ou de certificados de cota conforme os modelos recollidos nos anexos deste real decreto só será obrigatoria cando o órgano competente para resolver sexa o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Nos demais casos, as solicitudes ou escritos que se presenten ao abeiro deste real decreto deberán conter, polo menos, os datos incluídos nos citados modelos.»

Dous. Engádese un artigo 2 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 2 bis. *Aspectos relativos á determinación de cotas.*

1. Cando un produtor se incorpore ou abandone unha agrupación de produtores, conservará o dereito á súa propia cota.

2. Cando un produtor transmita ou transmitise a súa explotación a outro produtor, total ou parcialmente, incluída a cota dun grupo de variedades, nalgunha das colleitas dun período trienal, tamén se considerarán transmitidas as entregas das colleitas correspondentes á dita cota previas á transmisión, que se acumularán ás do produtor adquirente. Nas transmisións parciais de cota dun grupo de variedades deberase respectar a proporcionalidade da cota e as entregas transmitidas respecto á totalidade da cota e entregas do produtor.

3. Cando un produtor presente a proba de que a súa produción foi anormalmente baixa durante unha colleita do seu período de referencia debido a circunstancias excepcionais, o órgano competente para resolver conforme o artigo 2 determinará, por solicitude do interesado, antes do 31 de xullo da colleita seguinte, a cantidade que se terá en consideración nesa colleita para elaborar o seu certificado de cota. Esta cantidade non poderá ser superior ás cantidades que figuren nos certificados de cota asignados ao produtor para a colleita en cuestión.

4. As comunidades autónomas enviarán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 31 de outubro da colleita seguinte, os datos relativos ás cantidades recoñecidas correspondentes á colleita anterior, e deberán remitir a citada información en soporte informático.

5. Os produtores cuxa cota aumentase nunha das colleitas dun período trienal a causa dunha cesión temporal das definidas no artigo 11.2.a), obterán, cando se distribúan as cotas, unha cota de produción proporcional á media das cantidades entregadas, sen considerar, para efectos de entregas desa colleita, as entregas de produción correspondentes á cesión temporal.

Cando o aumento en calquera das colleitas dun período trienal sexa consecuencia dunha cesión definitiva das definidas no artigo 11.2.b), os produtores obterán, cando se distribúan as cotas, unha cota proporcional á media das cantidades entregadas, incluídas as entregas de produción correspondentes á cesión definitiva.»

Tres. O artigo 3 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 3. *Asignacións de cotas.*

1. Os produtores que teñan entregas de tabaco recoñecidas en todas ou nalgunha das colleitas do período de referencia e non transmitisen a totalidade das súas cotas antes da data establecida no punto seguinte terán dereito a solicitar, por si ou a través das súas agrupacións, a asignación inicial de

cota para cada período trienal, así como a asignación inicial de cotas do período trienal para as colleitas do segundo e terceiro ano do trienio.

2. As solicitudes anuais de asignacións de cotas presentaranse ante a comunidade autónoma en que radique toda ou a maior parte da explotación antes do 10 de xaneiro do ano da colleita, dirixidas ao órgano competente para resolver conforme o establecido no artigo 2, e deberán conter, polo menos, os datos recollidos no anexo 1. As agrupacións de produtores que soliciten asignacións de cotas deberán achegar unha lista nominativa dos seus produtores membros.

3. As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, nun prazo de 15 días naturais, contados desde a súa presentación, unha proposta de resolución das solicitudes de asignación de cota ás agrupacións de produtores e aos produtores individuais non integrados nunha agrupación de ámbito supraautonómico, xuntando copia do soporte informático que contén os rexistros daquela.

4. O órgano competente para resolver de conformidade co disposto no artigo 2 ditará as resolucións a que se refiren os números 5 e 6 deste artigo e notificará aos interesados, nos termos recollidos nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xuntando en soporte informático a información correspondente a cada produtor individual afectado.

5. De conformidade coa asignación trienal realizada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o órgano competente ditará resolución de asignación de cotas para o primeiro ano do trienio, por grupo de variedades, ás agrupacións de produtores, con indicación das cotas individuais dos seus produtores membros, e aos produtores individuais non integrados nunha agrupación, que lles será debidamente notificada aos interesados antes do mes de marzo do ano da colleita.

6. De conformidade coa asignación trienal realizada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o órgano competente ditará resolución de asignación de cotas para o segundo e terceiro ano de cada período trienal, por grupo de variedades, ás agrupacións de produtores e aos produtores individuais non integrados nunha agrupación, que lles será debidamente notificada aos interesados antes do mes de marzo do ano da colleita.»

Catro. O artigo 4 queda redactado como segue:

«Artigo 4. *Modificación das asignacións de cotas.*

1. O órgano competente sinalado no artigo 2 poderá modificar a asignación inicial de cotas para cada período trienal, así como a asignación inicial de cotas do período trienal para as colleitas do segundo e terceiro ano do trienio, nos seguintes casos:

a) Como consecuencia da facultade que a normativa vixente lles concede ás agrupacións de produtores, de distribuír de forma diferente a cota asignada, co obxecto de mellorar a distribución da produción, de acordo co disposto no artigo 5.5.

b) Como consecuencia dos movementos anuais de cotas comunicados ou autorizados, de acordo co disposto no capítulo III.

c) Como consecuencia de modificacións anuais do limiar de garantía para cada grupo de variedades, de acordo co disposto no capítulo II.

2. O órgano competente ditará, en cumprimento do disposto no número 1, unha resolución de

modificación da cota asignada, por grupo de variedades, ás agrupacións de produtores e aos produtores individuais non integrados nunha agrupación para a contratación de cada colleita, que lles será debidamente notificada aos interesados.»

Cinco. Modifícase o artigo 5, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 5. *Emisión de certificados de cotas a membros de agrupacións de produtores.*

1. Cando as resolucións de asignación ou de modificación de cota por grupo de variedades recaian nunha agrupación de produtores recoñecida, esta procederá a comunicar a súa cota a cada membro dela, de conformidade coa resolución correspondente emitida polo órgano competente.

2. A comunicación da cota correspondente a cada produtor membro da agrupación de produtores realizarase mediante a emisión do correspondente certificado de cota, que conterá, polo menos, os datos que figuran nos anexos 2A, 2B e 2C, de acordo coas disposicións do capítulo I do título V do Regulamento (CE) n.º 2848/98.

3. As agrupacións de produtores emitirán a cada produtor membro, asinados polo órgano correspondente da agrupación, os diferentes certificados de cotas de produción por grupo de variedades mencionados no punto anterior, nun documento orixinal único onde se indique o nome, número de identificación fiscal e domicilio da agrupación, así como os datos identificativos do produtor individual: nome e apelidos ou razón social, número ou código de identificación fiscal, domicilio, termo municipal de cultivo, entregas do período de referencia, se é o caso, e cota asignada. Estes certificados entregaráselles aos interesados nun prazo de 10 días naturais, contados a partir da data da correspondente notificación da asignación de cota á agrupación.

4. As agrupacións de produtores comunicarán á comunidade autónoma en que radique toda ou a maior parte da súa explotación, nun prazo de cinco días naturais contados a partir da finalización do prazo de notificación das correspondentes certificacións de cota aos produtores membros da agrupación, os documentos que acrediten que estes produtores recibiron a notificación dos seus correspondentes certificados de cotas.

5. Cando unha agrupación de produtores reciba as resolucións de asignación inicial de cota, a que se refiren os números 5 e 6 do artigo 3, poderá levar a cabo unha distribución diferente con obxecto de mellorar a organización da produción, co acordo de todos os membros da agrupación.

Ese acordo presentarase ante a comunidade autónoma en que radique a súa explotación ou a maior parte desta mediante escrito dirixido ao órgano competente para resolver de acordo co disposto no artigo 2, no prazo de 20 días desde a notificación da asignación de cota á agrupación. Se o acordo o tomase unha agrupación de produtores de ámbito supraautonómico, a comunidade autónoma remitirá unha copia do acordo e unha proposta de resolución ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, así como copia do soporte informático que conteña os rexistros da proposta, no prazo de 20 días desde a notificación da asignación de cota á agrupación.

O órgano competente para resolver conforme o artigo 2 ditará e notificará a resolución que corresponda respecto á redistribución de cotas nun prazo de 10 días naturais, contados a partir da data de recepción dos documentos sinalados no parágrafo anterior.

Para a comunicación aos produtores da nova distribución de cotas e entregas no período de referencia, aplicarase o disposto nos puntos anteriores.»

Seis. O artigo 6 queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Transferencia de cantidades do limiar de garantía dun grupo de variedades a outro.*

1. De conformidade co establecido no número 4 do artigo 9 do Regulamento (CEE) n.º 2075/92, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación proporá, de ser o caso, a través da canle correspondente á Comisión Europea, para a súa autorización, as transferencias de cantidades do limiar de garantía entre grupos de variedades para cada colleita. Esta proposta realizarase atendendo ás condicións do mercado e logo de consulta ás comunidades autónomas, organizacións interprofesionais, produtores, organizacións de produtores agrarios e empresas de primeira transformación respecto á necesidade de transferencia de cantidades entre grupos de variedades e á súa cuantificación. As comunidades autónomas efectuarán o trámite de consulta cos produtores, organizacións e empresas de primeira transformación cuxo recoñecemento ou autorización lles corresponda, informando o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación sobre o seu resultado.

As transferencias realizaranse segundo criterios obxectivos e publicados, fixados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e respectando o principio de neutralidade orzamentaria mediante a aplicación, se procede, de coeficientes correctores aos quilos transmitidos.

2. As solicitudes de transferencias de cantidades polas agrupacións de produtores e polos produtores individuais non integrados nunha agrupación presentarase, para cada colleita, ante o órgano competente da comunidade autónoma afectada antes do 1 de abril do ano da colleita, con expresión das cantidades para as que se solicita a transferencia dun grupo a outro de variedades. Estas solicitudes deberán conter, polo menos, os datos recollidos no anexo 3 e a elas xuntarase o orixinal da resolución ou do certificado de cota do produtor.

Se as transferencias solicitadas transcenden o ámbito da comunidade autónoma, esta remitiralle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nun prazo de 15 días naturais, contados desde a súa presentación, unha proposta de resolución das solicitudes, xuntando copia do soporte informático que conteña os rexistros daquela. Así mesmo, e dentro do prazo anterior, a comunidade autónoma afectada informará o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación sobre as solicitudes de transferencias dos produtores da súa competencia.»

Sete. Modifícase o artigo 7, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 7. *Comunicación ou solicitude, resolución e notificación de movementos de cotas.*

1. No caso de que, en virtude do disposto na normativa comunitaria, se transfiran, unifiquen, intercambien ou cedan as súas cotas, coas súas correspondentes entregas de referencia, os produtores, con indicación, se é o caso, da agrupación de produtores da que son membros, comunicarán ou solicitarán este movemento antes do 21 de marzo do ano da colleita en escrito dirixido ao órgano competente para resolver segundo o disposto no artigo 2. A comunicación ou solicitude presentarase ante a comunidade autónoma en que radique a explotación ou a maior parte desta, do produtor que transmite a súa cota e conterá, polo menos, os datos que figuran nos anexos 4A, 4B e 4C e

a documentación que para cada suposto se especifica neste real decreto.

2. En todo caso, deberase acreditar fidedignamente a titularidade da cota que se transmite, xuntando o orixinal da resolución de asignación ou do certificado de cota para o trienio do grupo de variedades. No caso de que se solicite máis dun movemento da cota dun grupo de variedades do transmitente, deberá indicarse en qué expediente consta o orixinal desta, xuntándose no resto dos expedientes copia do citado orixinal.

3. Cando o procedemento afecte a produtores individuais non integrados nunha agrupación ou agrupacións de produtores de ámbito supraautonómico, a comunidade autónoma enviará ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 21 de abril do ano da colleita, e unha vez comprobada a totalidade da documentación esixida, unha proposta de resolución xunto cos orixinais dos expedientes de comunicación ou de solicitude ordenados por tipo de movemento e agrupación de produtores do transmitente, achegando copia do soporte informático que conteña os rexistros daqueles.

4. O órgano competente ditará cada ano unha resolución de modificación da cota asignada ás agrupacións de produtores e aos produtores individuais non integrados nunha agrupación no período trienal, resultante dos movementos de cota autorizados en cada colleita por grupo de variedades, que será debidamente notificada aos interesados antes da data límite para a contratación.

Cando o procedemento afecte a produtores individuais ou agrupacións de ámbito estritamente autonómico, a comunidade autónoma enviará ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación copia do soporte informático que conteña os rexistros dos movementos 10 días antes da data límite para a contratación.

5. As transmisións parciais de cota dun grupo de variedades só se autorizarán cando a cota resultante para o transmitente e para o adquirente sexa, polo menos, de 500 quilogramos.»

Oito. O número 4 do artigo 11 queda redactado como segue:

«4. O órgano competente da comunidade autónoma en que radique a explotación, ou a maior parte desta, do produtor cedente da cota rexistrará o acordo recollido no número 3.c) nun prazo de 15 días naturais a partir da súa presentación, tras comprobar que se cumpren as condicións sinaladas nas alíneas a), b), d), e), f) e g) e verificar que se presentou a documentación oportuna.»

Nove. Dáselle a seguinte redacción ao número 5 do artigo 11:

«5. Cando a cesión deba ser autorizada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en virtude do disposto no artigo 2, a comunidade autónoma enviará a este, dentro do prazo anterior, unha proposta de resolución, xunto cos orixinais dos expedientes de cesión, ordenada por agrupacións de produtores dos cedentes de cotas, xuntando copia do soporte informático que conteña os rexistros correspondentes.

O órgano competente para resolver conforme o artigo 2 ditará e notificará a resolución que corresponda nun prazo de 15 días naturais desde a recepción da documentación precisa.»

Dez. O número 3 do artigo 13 pasa a ter a seguinte redacción:

«3. Os produtores que decidan abandonar o sector deberán presentar unha solicitude ante a

comunidade autónoma en que radique toda ou a maior parte da súa explotación, dirixida ao órgano competente para resolver, conforme o artigo 2, que conteña, polo menos, os datos recollidos no anexo 6, antes do 1 de novembro de cada colleita. O mesmo deberá facer a agrupación de produtores en que estea integrado o produtor, de ser o caso.»

Once. O número 4 do artigo 13 pasa a ter a seguinte redacción:

«4. Durante un período de dous meses, comprendido entre o 1 de novembro e o 31 de decembro, o órgano competente fará pública a intención de venda de maneira que outros produtores poidan comprar a cota antes da readquisición efectiva a cargo do FEOGA-Garantía.»

Doce. O número 2 do artigo 22 queda redactado como segue:

«2. Así mesmo, excepto en caso de forza maior debidamente acreditada, os contratos de cultivo deberanse enviar ao órgano competente da comunidade autónoma en que estean situadas as parcelas cultivadas, para o seu rexistro, dentro dos 10 días naturais posteriores á data límite fixada para a súa celebración. Por parte deste órgano, enviaranse copias da mencionada documentación ao Fondo Español de Garantía Agraria, o cal, en caso de que a transformación do tabaco se realizase noutro Estado membro, transmitirá de forma inmediata, a través da canle correspondente, unha copia do contrato rexistrado ao organismo competente de tal Estado.»

Trece. O número 7 do artigo 26 pasa a ter a seguinte redacción:

«7. O órgano competente da comunidade autónoma enviará ao Fondo Español de Garantía Agraria antes do 15 de xuño da colleita seguinte, coas especificacións que este determine, os datos relativos ás entregas realizadas polas agrupacións e produtores individuais e sometidas a control, correspondentes á colleita anterior, correctamente validados.»

Catorce. O número 5 do artigo 25 queda redactado da seguinte forma:

«5. O 50 por cento da garantía constituída devolverse cando se alcanzase o 50 por cento da prima por pagar, de acordo coas entregas de tabaco realizadas, e o resto da garantía cando se deducise do importe total da prima por pagar o importe total do anticipo concedido.»

Quince. O segundo parágrafo do artigo 28 terá a seguinte redacción:

«En caso de movemento de tabaco cru con destino á transformación e acondicionamento noutro Estado membro ou en terceiros países, o órgano competente da comunidade autónoma porao de forma inmediata en coñecemento do Fondo Español de Garantía Agraria para efectos do seu seguimento. Isto mesmo resultará igualmente de aplicación con respecto ao tabaco cru procedente doutros Estados membros ou de terceiros países.»

Dezaseis. O artigo 31 modifícase como segue:

«Artigo 31. *Colaboración entre administracións públicas na determinación e xestión de cotas.*

1. As administracións competentes comunicaranse toda modificación das cotas asignadas aos produtores que teña incidencia no montante global da cota que lles corresponda xestionar, e deberán comunicar todo incremento ou diminución desta no

momento en que se produza. En particular, deberán comunicar a seguinte información:

a) Altas e baixas dentro das agrupacións de produtores que determinen un cambio de adscripción da Administración competente para a xestión da parte da cota correspondente que se integra ou segrega da organización.

b) Toda transferencia de explotación que teña lugar entre produtores de distinta comunidade autónoma ou integrados en agrupacións de produtores de competencia doutra Administración, polo montante exacto da porcentaxe de cota obxecto de transferencia, con expresión da información precisa sobre a cota obxecto de transferencia.

c) Toda unificación ou cesión temporal ou definitiva de cotas que teña lugar entre produtores ou agrupacións de produtores que determine un cambio na súa xestión.

d) Todo intercambio de cotas entre produtores individuais non integrados en ningunha organización ou entre organizacións de produtores, de distintas comunidades autónomas.

2. O intercambio de información farase en soporte informático e incluíndo, como mínimo, os datos que estableza o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para facilitar a actualización continua da base de datos existente no citado ministerio.

Deberáselle facilitar ao Fondo Español de Garantía Agraria, antes da data límite para a formalización dos contratos de cultivo, información a escala nacional e en soporte informático sobre a asignación de cotas para a contratación, movementos de cotas e cambios de limiar por grupos de variedades que afecten á colleita en curso.

3. Para a xestión das cotas da súa competencia, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación consultará as comunidades autónomas afectadas.»

Dezasete. Introdúcese un novo artigo 32 co seguinte contido:

«Artigo 32. *Colaboración na aplicación do réxime de primas.*

O FEAGA, na súa condición de organismo de coordinación dos organismos pagadores, desenvolverá as actuacións necesarias coas comunidades autónomas afectadas co obxecto da aplicación e execución harmonizada en todo o territorio nacional da normativa comunitaria e nacional do réxime de axudas a que fai referencia este real decreto.»

Dezaioito. Introdúcese un novo artigo 33 do seguinte teor:

«Artigo 33. *Subministración de información á Comisión Europea.*

De acordo co previsto nos artigos 4 e 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e no artigo 5 do Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, as distintas administracións públicas estarán obrigadas á subministración da información necesaria para a aplicación dos regulamentos comunitarios e, en especial, para a súa comunicación á Comisión Europea por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.»

Dezanove. A disposición adicional única terá a seguinte redacción:

«Disposición adicional única. *Convenios de encomenda de xestión.*

As comunidades autónomas afectadas e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación

poderán subscribir convenios de encomenda de xestión para a execución pola Administración xeral do Estado das competencias que correspondan ás comunidades autónomas, de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de febreiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca
e Alimentación,

MIGUEL ARIAS CAÑETE

3065 *REAL DECRETO 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e o rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo, e o rexistro dos movementos do leite.* («BOE» 43, do 19-2-2004.)

Para mellorar a transparencia dos circuitos comerciais que percorren as producións gandeiras, os sistemas de rastrexabilidade perfilanse como unha ferramenta de grande axuda que permiten a transferencia de información ininterrompida desde a granxa ata as industrias de transformación e finalmente ao consumidor.

Ao trazar o percorrido que realiza un produto de orixe animal, conséguese non só seguir o seu rastro a través de todos os sistemas de produción, transformación e distribución, senón que ademais se obtén unha información moi valiosa canto a particularidades do proceso de produción que interesan a todos os segmentos involucrados da cadea de comercialización.

O Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria, establece no seu artigo 18 a necesidade para as empresas alimentarias de poren en práctica, a partir do 1 de xaneiro de 2005, sistemas que permitan, en todas as etapas de produción, transformación e distribución, asegurar o seguimento ou rastrexabilidade dos alimentos.

A Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, na súa reunión do 15 de abril de 2002, chegou a un acordo para pór en marcha sistemas que aseguren a rastrexabilidade e a calidade no sector lácteo, e habilitar os mecanismos para coñecer con exactitude o camiño que segue o leite cru de vaca desde que é recollido na explotación ata que entra nun proceso de transformación na industria ou chega a outros destinos.

Co fin de dar satisfacción a un dos obxectivos do citado acordo da Conferencia Sectorial, este real decreto recolle a posta en práctica de medidas que pretenden facilitar a rastrexabilidade do leite, a través da identificación e rexistro de todos os axentes implicados na produción, recollida, transporte, almacenamento e tratamento de leite de vaca e dos contedores de leite, que permitirá rexistrar os movementos de leite que se producen entre eles.

Tanto o rexistro de axentes e contedores como o movemento de leite sustentaranse e integraranse na base de datos Letra Q, que se crea para o efecto.